

Autor e ilustrador: **SIMON JAMES**

Tradutores: **CHEMA HERAS**
PILAR MARTÍNEZ

Enuadernado en cartonné
 32 páxinas a toda cor. 21x29,7 cm.
 Dispoñible en:

-Galego: "Pasiño"
 ISBN 978-84-8464-505-4

-Castelán: "Pasito"
 ISBN 978-84-934641-0-3

Prezo: 15 €

PASIÑO

Que podes facer cando es pequeno e estás perdido e xa non podes máis? O pato máis novo descobre que é quen de camiñar baixo as árbores enormes e cruzar prados inmensos se practica o

Paso a Paso

- **MEDALLA DE PRATA SMARTIES BOOK PRIZE**
- **RED HOUSE CHILDREN'S BOOK AWARD 2005**


Quen non experimentou sensacións de impotencia ante situacións difíciles, quen non se viu desorientado, quen non estivo a piques de sucumbir ao cansanzo? O testemuño da superación emana do personaxe de Pasiño e do tesón co que se enfrenta ao camiño que o separa do fogar, xogando ao "paso a paso".

Porque todo na vida comeza -e remata- dando un paso. É esa mensaxe de esperanza a que o autor deste libro lles transmite aos primeiros lectores: o medo, a soidade, o desánimo ou a incertidume disípanse tomando a iniciativa de camiñar cara adiante, como Pasiño. Unha lección que dura para toda a vida e asentan os alicerces do crecemento persoal dos máis novos.

Simon James emprega unha sinxela estrutura baseada no diálogo entre os personaxes e unha linguaxe coloquial coa que chega facilmente aos lectores. As súas ilustración destacan pola calidez cromática e o xogo de perspectivas que potencian determinadas emocións a medida que avanza a historia: a inmensidade da paisaxe contrasta co diminuto tamaño dos parrulos, reforzando a sensación de que Pasiño e os seus irmáns están sós no bosque e perdidos lonxe da casa.

SIMON JAMES (Reino Unido, 1961)

A súa nenez transcorreu entre as cidades de Bristol e Exeter, e xa dende pequeno descubriu a súa afección a escribir e a debuxar. Tras completar os seus estudos de Deseño Gráfico e Historia da Arte comezou a traballar como debuxante. O seu primeiro libro, titulado "O día que Jake pasou a aspiradora", publicouse en 1989. Seguíronlle dous libros máis sobre este personaxe e unha colección posterior de pequenos poemas. Tamén é autor dunha serie de títulos, como "A miña amiga a balea", sobre a relación dos nenosiños coa natureza. "Pasiño" é unha das súas obras máis vendidas en todo o mundo. Recibiu, entre outros galardóns, a Medalla de Prata no certame Smarties Book Prize e o Red House Children's Book Award 2005.



- **Temática:** álbum ilustrado
- **Idade recomendada:** a partir de 2 anos
- **Aplicacións:** natureza, crecemento en valores, superación persoal, relación entre irmáns, referente materno/paterno

